

Expediente: 404/2020

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABAJO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA O DESEMPEÑO DE POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Sendo as 10:30 horas do día 04/02/2021, na casa do Concello de Moeche reúnese a comisión de valoración formada polos seguintes membros:

Presidenta: María Raquel Novo Montes

Vogais: Cristina Sueiras Rodríguez

Cristina M^a Rodríguez Arroyo

Pilar Pazo González

Secretario: Antonio García Méndez

Tal e como establece a base 6^a para a formación da bolsa de traballo para o nomeamento de funcionarios interinos para o desempeño de postos de auxiliar administrativo, a fase de concurso, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, consonte ao seguinte:

Baremo.

a) Experiencia Profesional:

- Polos servizos prestados en concellos, en prazas de auxiliar administrativo ou de categoría superior sempre que se atopen encadradas na escala de Administración xeral, ou tendo carácter laboral desempeñaran funcións análogas as do posto a desempeñar.- 0,30 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior aos 15 días.
- Polos servizos prestados noutra Administración pública diferente da local en prazas de análoga natureza ou categoría 0,10 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior aos 15 días.

Establécense as dúas opcións seguintes para acreditar documentalmente os extremos anteriores:

1. Certificado de servizos previos expedido polo/a funcionario/a competente ou polo órgano de xestión de persoal competente.
2. Informe de vida laboral acompañado ineludiblemente polos contratos de traballo alegados.

Dos documentos anteriores presentaranse orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas.

Os contratos prestados en réxime de xornada parcial puntuaranse segundo a súa duración proporcionalmente á xornada ordinaria de 37,5 horas semanais.

b) Formación

1: Cursos de formación, realizados **nos últimos 5 anos**, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria e que foran convocados, impartidos ou homologados polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio.

Valoración dos cursos

- Ata 10 horas.- 0,05 puntos
- Por cada curso de 11 a 25 horas: 0,15 puntos

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200



- Por cada curso de 26 a 50 horas: 0,30 puntos
- Por cada curso de 51 a 75 horas: 0,50 puntos
- Por cada curso de 76 a 100 horas: 0,75 puntos
- Por cada curso de 101 a 200 horas: 1,00 puntos
- Por cada curso de 201 a 301 horas: 1,25 puntos
- Por cada curso de máis de 300 horas: 1,50 puntos

Non se valorarán os cursos realizados con anterioridade ó 1 de outubro de 2015

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetirá a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.

Así mesmo non se valorarán, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas

c): Coñecemento de lingua galega: (Só se valorará o nivel máis alto)

- Curso/Validación do Celga 4 ou perfeccionamento do galego: 0,25 puntos
- Curso de linguaxe administrativa galega nivel medio: 0,50 puntos
- Curso de linguaxe administrativa galega nivel superior: 1,00 puntos

Acreditarase mediante o título correspondente ou certificado da entidade/organismo competente, en orixinal ou fotocopias debidamente cotexadas.

Debido á cantidade de solicitudes presentadas, non é posible a valoración por parte desta comisión da totalidade das solicitudes presentadas, polo que se acorda fixar unha nova sesión, que dado o volume actual de traballo do Concello se fixa para o día 07/04/2021.-

Moeche, na data da sinatura dixital

A comisión de valoración:

Presidenta: María Raquel Novo Montes

Vogais: Cristina Sueiras Rodríguez

Cristina M^a Rodríguez Arroyo

Pilar Pazo González

Secretario: Antonio García Méndez

